



# PLAN DIXITAL

## IES Agra de Leborís

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## **1. Introducción... 3**

- 1.1. Datos básicos do centro... 3
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro... 4
- 1.3. Breve xustificación do plan dixital... 8
- 1.4. Proceso de elaboración... 11

## **2. Situación de partida...12**

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais... 12
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO... 15
- 2.3. Análise DAFO... 16

## **3. Plan de Acción do Plan Dixital... 23**

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións... 23
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas... 24

## **4. Avaliación do Plan Dixital... 34**

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción... 34
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)... 35

## **5. Difusión do Plan Dixital... 37**

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

<b>Nome do centro</b>	IES Agra de Leborís
<b>Código de centro</b>	15027654
<b>Correo do centro</b>	<a href="mailto:ies.agra.leboris@edu.xunta.gal">ies.agra.leboris@edu.xunta.gal</a>
<b>Web do centro</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/">http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/</a>
<b>Teléfono de contacto</b>	881880676
<b>Enderezo</b>	R/Rosalía de Castro s/n – A Laracha

#### Datos do PEC respecto ás etapas educativas no curso 2021-2022

<b>Etapas</b>	<b>Liñas</b>	<b>Alumnado</b>
<b>Educación Secundaria Obligatoria</b>	4 liñas por nivel da ESO Desdobre dos grupos de 1º e 2º da ESO	410
<b>Bacharelato</b>	1 liña da Modalidade Ciencias por nivel 1 liña Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais por nivel	102
Total alumnado		512

#### Datos do PEC respecto ás etapas educativas no curso 2022-2023

<b>Etapas</b>	<b>Liñas</b>	<b>Alumnado</b>
<b>Educación Secundaria Obligatoria</b>	4 liñas por nivel da ESO	Pendente
<b>Bacharelato</b>	2 liñas na Modalidade Ciencias e Tecnoloxía en 1º de Bacharelato 1 liña na Modalidade de Ciencias en 2º de Bacharelato 1 liña Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais por nivel de Bacharelato.	Pendente

## Datos do PEC respecto do profesorado no curso 2021-2022

Departamentos	Mestres	PES
<b>Bioloxía e Xeoloxía</b>	0	3
<b>Física e Química</b>	0	2+1
<b>Economía</b>	0	1
<b>Educación Física</b>	0	2+1
<b>Educación Plástica</b>	0	2
<b>Filosofía</b>	0	1
<b>Latín</b>	0	1
<b>Lingua Galega e Literatura</b>	0	4
<b>Lingua Castelá e Literatura</b>	1	3
<b>Lingua Estranxeira Inglés</b>	0	3
<b>Lingua Estranxeira Francés</b>	0	2
<b>Matemáticas</b>	0	4+1
<b>Música</b>	0	2
<b>Orientación Educativa</b>	2	2
<b>Relixión</b>	0	2
<b>Tecnoloxía</b>	0	2+1
<b>Xeografía e Historia</b>	0	3+1

Os datos relativos ao curso 2022-2023 variarán respecto do curso anterior, quedando pendente a súa concreción.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro está situado no concello da Laracha, na comarca de Bergantiños. Atópase na rúa Rosalía de Castro, xunto á Biblioteca Municipal e moi preto da Casa da Cultura e da piscina. Estamos a 24,8 Km da Coruña e a 11,3 Km de Carballo.

O mapa da situación xeográfica do Concello, na estrada AC 552 que vai da Coruña a Fisterra:



Acolle alumnado de todo o concello e localidades limítrofes. Os centros adscritos ao noso instituto son:

- O CEIP Ramón Otero Pedrayo da Laracha.
- O CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco.
- O CEIP de Caión.

Segundo datos aportados polo propio Concello da Laracha a poboación coa que conta é de 11.602 habitantes, segundo os datos do padrón municipal a 20 de xuño de 2021.

O termo municipal ten unha extensión de 125,95 km<sup>2</sup> repartidos en 13 parroquias e máis de 300 núcleos de poboación, dos cales soamente tres son urbanos. Precisamente nas vilas da Laracha, Paiosaco e Caión residen practicamente a metade dos habitantes, sendo a outra metade veciños/as residentes en zonas rurais.

Nos últimos anos estase a rexistrar un progresivo aumento da poboación, circunstancia que se fixo aínda máis notable desde a pandemia do coronavirus.

Durante décadas a agricultura e gandaría foron os motores económicos do municipio, que foi considerado como *graneiro de Galicia* pola súa alta produción debido á fertilidade da terra. A día de hoxe ditas actividades seguen tendo certa importancia e contan con profesionais de primeiro nivel, aínda que a maioría das explotacións son de pequena entidade e mesmo de autoconsumo.

Na única saída ao mar do municipio, a vila de Caión, o sector pesqueiro que, tan importante foi décadas atrás, perdeu gran relevancia en favor das embarcacións de recreo.

A día de hoxe os sectores económicos máis importantes do Concello da Laracha son os servizos, o turismo, a construción e especialmente o industrial, grazas á implantación de firmas de primeiro nivel nacional e mesmo mundial no parque empresarial.

Tendo en conta a contextualización do noso proxecto educativo, en proceso de actualización, concréntanse aqueles plans e proxectos específicos que se van desenvolver, incluíndose agora o propio plan dixital que se integra como un documento máis de traballo de especial relevancia.

O noso Plan Dixital do centro está realizado no curso 2021-2022 segundo o establecido na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Segundo indica esta resolución, na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, régúlanse diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa. O artigo 121 establece que **o Proxecto Educativo** do centro recollerá, entre outros aspectos, **a estratexia dixital do centro**, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das **tecnoloxías da información e a comunicación** (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e

aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da **competencia dixital** que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha **cultura dixital** nos centros e nas aulas.

A resolución establece no punto 2º os principios, obxectivos e referentes para a elaboración do Plan Dixital:

### **Principios:**

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeralizado das TIC en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética sobre a relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

### **Obxectivos:**

- a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimizar a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.
- b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
- c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.
- d) Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

### **Referentes:**

- a) A transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións establecidas polo **Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes** (DigCompOrg): pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.

b) O marco europeo propón unha análise do centro baseado en sete elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración. Cada centro poderá engadir outros elementos axeitados ás súas características específicas.

Tendo en conta todo o anterior, o noso Plan Dixital segue as pautas establecidas pola Consellería de Educación para o seu deseño, elaboración e implementación, contando cun asesoramento permanente polo equipo ADIX 3 da Coruña.

Cada curso escolar coa concreción da Programación Xeral Anual iranse definindo as necesidades específicas obxecto de actuación. Neste caso, no curso 2022-2023 resolverase a implementación, seguimento e avaliación do plan deseñado.

### 1.3. Breve xustificación do plan dixital

O Plan Dixital de centro é un documento a través do cal os centros analizan a súa realidade en relación ao uso das tecnoloxías dixitais e, a partir desta situación de partida, definen un plan de actuación que incluírá os obxectivos a conseguir, as actuacións específicas para implementar este plan, a súa avaliación e difusión. O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado -tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

Segundo a **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, dítanse instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, que toma como marcos normativos:



- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o **proxecto educativo** do centro **recollerá**, entre outros aspectos, a **estratexia dixital do centro**, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán:
  - O uso das **tecnoloxías da información e a comunicación** (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe,
  - Utilizando os marcos de referencia da **competencia dixital** que orienten a formación inicial e permanente do profesorado
  - Faciliten o desenvolvemento dunha **cultura dixital** nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como **competencias dos directores e directoras**, entre outras:

- Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución das fins do proxecto educativo do centro.
- Fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da **Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022, sinala que **os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital** de acordo coas instrucións que se diten.

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do **Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027)**, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade persegue a **transformación dixital** dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan **dixitalmente competentes** nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación, o que require dun proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do **Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021** establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital:

- Na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación.
- Na eliminación das brechas sociais e territoriais.
- Na incentivación da formación continua e cre no talento.
- Na promoción, no emprendemento e na innovación.
- No reforzo das capacidades de investigación e na atracción e fomento da excelencia.

No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, faise unha clara aposta por **espazos ao servizo dos proxectos educativos**, sobre todo vencellados **á transformación dixital** e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, **na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia**, cara á consecución dunha cidadanía dixital plena. Coa fin de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe, como secretario xeral de Educación e Formación Profesional.

## 1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do plan dixital inclúe varias fases para a súa elaboración concretadas para o curso 2021-2022:

- Fase I: Análise e diagnose
- Fase II: Deseño e elaboración do plan dixital.
- Fase III. Implementación, seguimento e avaliación.

Cada unha destas fases están debidamente temporalizadas, contando co asesoramento dun equipo específico (no noso caso ADIX Coruña 3) atendendo a seis momentos nas dúas primeiras fases para o curso 2021-2022 e a fase terceira para o curso 2022-2023.

→ Respecto da **FASE I de Análise e Diagnose** coa definición dos catro primeiros momentos:

1. **Novembro 2021**: Posta en marcha da rede e contacto coa persoa ADIX para o noso centro.
2. **Decembro 2021**: Configuración e envío do SELFIE ao noso centro educativo.
3. **Febreiro 2022**: Realización do testCDD por parte do profesorado do centro.
4. **Marzo 2022**: Recompilación de datos, reflexión e DAFO.

→ Respecto da **FASE II de Deseño e Elaboración do Plan Dixital** cos seguintes momentos:

5. **Abril-Maio 2022**: Definición de obxectivos e accións a seguir.
6. **Xuño 2022**: Plan versión 1.0 do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro educativo presenta carencias a nivel de infraestrutura dixital: conectividades, infraestruturas de voz e de datos, que son obxecto de malestar docente. Cada semana contamos cun servizo privado de mantemento informático que vai resolvendo as incidencias que xorden. Contamos tamén cun profesor do centro que figura como coordinador TIC. A nivel da Consellería de Educación contamos coa Unidade de Atención a Centros (UAC) para resolver aspectos de carácter máis xeral.

A identificación das condicións de infraestrutura, equipamento e servizos dixitais dispoñibles na actualidade e as posibles melloras establécense nos seguintes aspectos:

#### a) Infraestrutura dixital:

- Infraestrutura de datos (conectividade a Internet).
- Infraestrutura de voz (telefonía).
- Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede.
- Soporte da Unidade de Atención a Centros (UAC).
- Conexións cableadas e electrónica de rede (debe ser asumido polo centro) .

<b>Medición da velocidade para navegar por Internet</b>	<p>Problemas de conexións en rede. Cando hai moitas unidades en funcionamento ralentízase a velocidade. Velocidade asignada: 1000 Mbps Velocidade nas aulas en período de recreo: 550-600 Mbps coa diminución significativa da velocidade que implica a total ocupación e uso nas aulas ordinarias e específicas en horas de clase. Velocidade na zona administrativa e sala profesorado limitada a 100 Mbps debido á SWITCH 10/100 (Linksys Sr224) Necesario contar con cable de fibra óptica para mellorar a calidade e cantidade de velocidade de navegación por Internet.</p>
<b>Calidade dos puntos WIFI (solicitado á UAC)</b>	<p>Existen zonas onde non hai cobertura ou se perden as conexións. Os puntos WIFI existentes son os primeiros que puxeron. Non son quen de xestionar a velocidade asignada ao centro, dando unha velocidade máxima de 54 Mbps. Non todos funcionan e dos que funcionan algúns requiren o reinicio constante. Necesario cambiar e aumentar o número de puntos de conexión WIFI.</p>

## b) Equipamento:

- Conxunto de dispositivos tecnolóxicos para o desenvolvemento das funcións docentes.
- Material enviado desde a Administración de xeito ordinario, ou enviado especificamente como dotación pola participación en proxectos corporativos impulsados pola Administración e calquera outro existente nos propios centros (que deberá estar inventariado):
  - Aulas dixitalizadas.
  - Postos de traballo de xestión e administración do centro.
  - Equipos na biblioteca.
  - Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos.
  - Equipos ultraportátiles do Programa Educa en Digital (Cofinanciado polo “Programa Operativo Plurirregional de España” – POPE).
  - Aulas de informática.

	<b>Dotación de equipamento do centro</b>
<b>Aulas de Informática I e II</b>	<b>Aula de Informática I:</b> 24 ordenadores para alumnado, 1 para o profesorado, pizarra dixital. <b>Aula de Informática II:</b> 20 ordenadores para alumnado, 1 para profesorado, pizarra dixital (non se usa por canón inutilizado).
<b>Aulas ordinarias</b>	20 ordenadores e 20 pizarras dixitais (co canón)
<b>Aulas específicas</b>	<b>Aulas de Plástica I e II:</b> 2 ordenadores e 2 canóns. <b>Usos múltiples:</b> 1 ordenador e 1 canón. <b>Aula de Música:</b> 1 ordenador e 1 canón. <b>Talleres I e II:</b> 2 ordenadores e 2 canóns*. <b>Laboratorio FQ:</b> 2 ordenadores e un canón <b>Laboratorio de BX:</b> 1 ordenador e un canón <b>Aula apoio PT I:</b> 1 ordenador e 1 canón. <b>Aula apoio PT II:</b> 2 ordenadores e 1 canón. <b>Aula de desdobre 13:</b> 1 ordenador e 1 pizarra. <b>Aula de desdobre 36:</b> 1 ordenador e 1 pizarra. <b>Aula desdobre 37:</b> 1 ordenador e 1 canón. <b>Desdobre 2:</b> 1 ordenador. <b>Aula de Convivencia:</b> 1 ordenador
<b>Departamentos Didácticos</b>	<b>Educación Física:</b> 2 ordenadores e 1 canón <b>Francés/Música/Plástica:</b> 2 ordenadores <b>Matemáticas/Economía:</b> 1 ordenador

	<b>Dotación de equipamento do centro</b>
	<b>Ciencias (BX):</b> 4 ordenadores <b>Xeografía e Historia:</b> 1 ordenador (un prestado perdeuse na pandemia) <b>Orientación:</b> 1 ordenador <b>Relixión/Latín/Filosofía:</b> 2 ordenadores <b>Tecnoloxía:</b> 2 ordenadores (*corresponden ao apartado Taller I e II) <b>Inglés:</b> 2 ordenadores (un deles inservible) <b>Lingua Castelá:</b> 3 ordenadores (un deles inservible) <b>Lingua Galega:</b> 3 ordenadores
<b>Sala de profesorado</b>	4 ordenadores e 1 fotocopiadora.
<b>Despachos de dirección</b>	4 ordenadores, impresora en dirección, conexión á fotocopiadora
<b>Oficina secretaría</b>	1 ordenador e 1 fotocopiadora
<b>Biblioteca</b>	2 ordenadores para profesorado 3 ordenadores para alumnado
<b>Dotación Específica POPE</b>	35 kits (portátiles e modems)

- A Administración realizará o mantemento e reempazo de todo este equipamento ao final da súa vida útil , en caso de que o seu uso siga estando vixente.
- Será preciso elaborar un catálogo TIC que facilite á administración a racionalización destas dotacións.
- A petición de novo equipamento tecnolóxico debidamente xustificada canalizarase a través da UAC e contará co apoio da asesoría Abalar da nosa zona.

### c) Servizos dixitais educativos:

- Dentro destes servizos dixitais educativos corporativos de xestión docente contamos con:
  - Correo corporativo (ies.agra.leboris@edu.xunta.gal)
  - Páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/>)
  - Aula virtual ([Aula virtual \(xunta.gal\)](https://www.edu.xunta.gal/aula-virtual/))
  - EspazoAbalar (<https://www.edu.xunta.gal/abalar/>):
  - Contidos educativos dixitais (dentro do PFPF)
  - Videoconferencias por Cisco Webex.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Os datos para a elaboración do DAFO proceden da autoavaliación SELFIE realizada ao equipo directivo, ao profesorado e ao alumnado no mes de novembro-décembro de 2021.

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		EP	ESO	Bacharelato	FP	EPS
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.		<b>4.9</b>	<b>4.9</b>		
	Profesorado		<b>2.4</b>	<b>2.4</b>		
	Alumnado		-	-		
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.		<b>4.8</b>	<b>4.6</b>		
	Profesorado		<b>2.3</b>	<b>2.1</b>		
	Alumnado		<b>2.5</b>	<b>2.2</b>		
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.		<b>4.8</b>	<b>4.8</b>		
	Profesorado		<b>2.6</b>	<b>2.4</b>		
	Alumnado		<b>2.7</b>	<b>2.3</b>		
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.		<b>5</b>	<b>5</b>		
	Profesorado		<b>2.8</b>	<b>2.6</b>		
	Alumnado		-	-		
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.		<b>4.7</b>	<b>4.7</b>		
	Profesorado		<b>3.8</b>	<b>3.6</b>		
	Alumnado		<b>3.6</b>	<b>3.2</b>		
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.		<b>4.1</b>	<b>4.2</b>		
	Profesorado		<b>3.2</b>	<b>2.9</b>		
	Alumnado		<b>2.8</b>	<b>2.5</b>		
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.		<b>4.1</b>	<b>4.3</b>		
	Profesorado		<b>2.6</b>	<b>2.8</b>		
	Alumnado		<b>2.4</b>	<b>2.2</b>		
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.		<b>4.3</b>	<b>4.4</b>		
	Profesorado		<b>2.9</b>	<b>2.9</b>		
	Alumnado		<b>2.8</b>	<b>2.5</b>		

Os datos que se analizan a continuación son obtidos do informe realizado a partir da aplicación do Test de Competencia Dixital Docente en febreiro de 2022.

### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<b>25</b>	<b>37</b>	<b>67,6 %</b>
<b>PROVISIONAL</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>100 %</b>
<b>INTERINO</b>	<b>3</b>	<b>5</b>	<b>60 %</b>
<b>SUBSTITUTO</b>	<b>1</b>	<b>6</b>	<b>16,7 %</b>
<b>DESPRAZADO-OUTROS</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>0 %</b>

### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>73,7</b>	<b>Integradora (B1)</b>	<b>76,4</b>	<b>Integradora (B1)</b>

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	<b>75,3</b>	<b>Integradora (B1)</b>	<b>79,2</b>	<b>Integradora (B1)</b>
<b>BAC</b>	<b>77</b>	<b>Integradora (B1)</b>	<b>77,9</b>	<b>Integradora (B1)</b>

### Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1 (Principiante)</b>	<b>1</b>	<b>2.8 %</b>
<b>A2 (Explorador/a)</b>	<b>15</b>	<b>41.7 %</b>
<b>B1 (Integrador/a)</b>	<b>15</b>	<b>41.7 %</b>
<b>B2 (Experto/a)</b>	<b>3</b>	<b>8.3 %</b>
<b>C1 (Lider)</b>	<b>3</b>	<b>8.3 %</b>
<b>C2</b>	<b>-</b>	<b>-</b>
<b>TOTAL</b>	<b>37</b>	<b>100 %</b>

## 2.3. Análise DAFO

Os datos para a elaboración do DAFO proceden, como se indicou anteriormente, da autoavaliación SELFIE realizada ao equipo directivo, ao profesorado e ao alumnado no mes de novembro-décembro de 2021. O DAFO permite facer unha análise detallada sobre as fortalezas e debilidades detectadas a nivel interno, así como das oportunidades e ameazas detectadas a nivel externo. Tomáronse como indicadores dos aspectos positivos (Fortalezas e Oportunidades) as puntuacións por enriba de 4 (sobre 5), e como indicadores dos aspectos negativos (Debilidades e Ameazas) as puntuacións por debaixo de 2.



Para establecer posteriormente as áreas de mellora enfocámonos nas Debilidades, que son as que reflicten os aspectos internos do análise. As Fortalezas e as Oportunidades serven como puntos de apoio para sustentar posteriormente o Plan de Acción.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	<p>C3 – Segundo o profesorado e o alumnado da ESO facilítase o acceso a internet na ESO para o proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>C8 – O centro xestiona dispositivos dixitais para que o alumnado da ESO o poida utilizar cando os necesite.</p> <p>C16OP – Existen bibliotecas e repositorios en liña que conteñen materiais de ensino-aprendizaxe para uso do alumnado da ESO.</p> <p>H1 – O profesorado de Bacharelato considera que existe un comportamento seguro por parte do alumnado no uso das tecnoloxías dixitais.</p> <p>H3 – O profesorado considera que existe un comportamento responsable no uso da internet por parte do alumnado de Bacharelato. O alumnado da ESO considera que o seu uso das tecnoloxías dixitais é responsable (non compartido polo profesorado).</p> <p>H4 –O profesorado de Bacharelato considera que o alumnado é quen de verificar a calidade da información.</p> <p>H7 – No noso centro o alumnado aprende a otorgar creto ou recoñecemento ao traballo doutras persoas que atoparon en Internet, segundo o profesorado de Bacharelato.</p> <p>H9 – No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais segundo o profesorado de ESO e Bacharelato e o alumnado de ESO.</p> <p>H8/10 – No noso centro o alumnado aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais, segundo o profesorado de ESO e Bacharelato.</p> <p>H10 – O alumnado da ESO considera que está adquirindo habilidades no uso das tecnoloxías dixitais para diferentes</p>	<p>C14OP – O profesorado considera que os espazos físicos do centro non están adaptados ás necesidades do ensino aprendizaxe dixital: falta de espazo, escasa cobertura, conexións...</p> <p>C15OP – No noso centro o alumnado con Necesidades Educativas Especiais non precisa o acceso a tecnoloxías asistenciais específicas, polo que o profesorado da ESO tampouco as coñece nin está familiarizado co seu uso. Considéranse factores que limitan o uso da tecnoloxía: as limitacións do espazo escolar e equipos dixitais insuficientes segundo profesorado da ESO e do Bacharelato; conexión a Internet pouco fiable e lenta, e falta de tempo para o uso das tecnoloxías segundo o profesorado de Bacharelato.</p>

		<p>materias.</p> <p>O alumnado da ESO considera que pode atopar toda a información que precisa na web do cento.</p> <p>Na ESO e no Bacharelato o alumnado pode facer seguimento das súas tarefas a través da aula virtual.</p> <p>Ás familias do alumnado e ao propio alumnado chéganlle avisos e notificacións por Abalarmóbil. Pódense xustificar as faltas e pedir citas.</p> <p>O alumnado considera que ten acceso a un dispositivo dixital axeitado para realizar o traballo escolar nun 76% (ESO) e 83% (Bacharelato)</p> <p>O alumnado da ESO (64%) e Bacharelato (67%) considera que sabe empregar sen axuda as aplicacións cando as leccións se imparten na casa co uso de tecnoloxías dixitais.</p>	
	<p><b>PERSOAL DOCENTE</b></p>	<p>C8 – O profesorado considera que existen dispositivos dixitais para a aprendizaxe en alumnado da ESO</p> <p>D2 – O noso profesorado ten acceso a posibilidades de desenvolvemento profesional continuo no relativo ao ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>E1 – O profesorado busca recursos educativos dixitais en liña para a ESO e Bacharelato</p> <p>E2 – O profesorado crea recursos dixitais para reforzar o seu labor de ensinanza na ESO e Bacharelato</p> <p>E3 – O profesorado emprega entornos virtuais para a aprendizaxe na ESO e Bacharelato</p> <p>E4 – O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación coa comunidade educativa.</p> <p>E5OP – O profesorado emprega recursos educativos abertos como apoio ás prácticas de ensino-aprendizaxe.</p> <p>F1 – O profesorado emprega recursos dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado, segundo o profesorado da ESO e Bacharelato, e o alumnado da</p>	<p>A4OP – Ao profesorado fáltalle tempo para explorar o ensino dixital e as súas posibilidades.</p> <p>B4OP – O profesorado considera que faltan accións conxuntas e máis coordinación con outros centros e organizacións para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais.</p> <p>D3 – O profesorado de Bacharelato considera que non existe suficiente axuda do equipo directivo para favorecer o intercambio de experiencias no uso das tecnoloxías dixitais para o ensino aprendizaxe.</p> <p>Considérase como factor negativo para a aprendizaxe mixta o acceso limitado do alumnado da ESO e Bacharelato a dispositivos dixitais.</p> <p>Nos últimos tres meses o profesorado da ESO ten utilizado as tecnoloxías dixitais na aula nunha porcentaxe entre un 11-25%. No caso do Bacharelato a porcentaxe é máis variable segundo as materias e a competencia dixital, e tende a ser máis elevada.</p>

		<p>ESO.</p> <p>F3 – O profesorado emprega recursos dixitais que fomentan a creatividade do alumnado, segundo profesorado da ESO e Bacharelato.</p> <p>F4 – O profesorado realiza actividades de aprendizaxe dixitais que motivan ao alumnado, segundo profesorado da ESO e Bacharelato, e o alumnado da ESO.</p> <p>G3 – O noso profesorado (Bacharelato) utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado.</p> <p>G5 – O profesorado de Bacharelato utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado autorreflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>G9OP – O profesorado de Bacharelato facilita que o alumnado utilice tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe.</p> <p>G9 – O profesorado da ESO e Bacharelato utiliza datos dixitais sobre o alumnado para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe.</p> <p>O profesorado participa en actividades formativas individuais organizadas pola Administración Educativa para actualizar competencias dixitais.</p> <p>A opinión do profesorado da ESO e Bacharelato sobre a utilidade das actividades de desenvolvemento profesional continuo nas que ten participado no último ano considerase positiva (presencial, en liña...).</p> <p>O profesorado considera que manexa con seguridade as tecnoloxías para realizar as seguintes tarefas: preparación de clases, impartición de clases e comunicacións.</p>	
	<p><b>PERSONAL NON DOCENTE</b></p>		
	<p><b>ALUMNADO</b></p>	<p>C8 – No centro hai ordenadores á súa disposición, que o alumnado utiliza para a aprendizaxe (alumnado da ESO).</p> <p>H1 – O profesorado de Bacharelato considera que existe un comportamento seguro por parte do alumnado no uso das tecnoloxías dixitais.</p>	<p>C13OP – Parte do noso alumnado carece dos recursos necesarios para dispoñer do seu propio equipo.</p> <p>C10OP – O alumnado considera unha debilidade as dificultades para dispoñer de dispositivos dixitais para a aprendizaxe.</p>

